

FERROL, FERROL, FERROL ONDE EU NACÍN

Carolina en New York

POR SIRO



Cando María Mercedes, a queridísima directora do colexio Belén, citaba os alumnos máis brillantes do centro, cun recordo especial para Carolina, referíase a Carolina Pérez López, a filla de José e Pepa, mestres os dous naquel colexio e ferroláns de pura cepa; el de Xoane, ela de Doniños.

Carolina quixo, desde nena, ser xuíza en Ferrolterra; ir a pé ao xulgado, coñecer a todos os veciños e axudalos a resolver os problemas de lindes e pasos, ferrados e servidumes. Por eso, despois de facer o bacharelato no Instituto Sofía Casanova, foi estudar Dereito á Universidade de Navarra; e fíxoo dunha maneira espartana. Durante catro anos viviu nun convento de Irmás Adoratrices, sen saídas, estudiando de sol a sol; pero o esforzo viuse compensado coas matrículas que foi obtendo en moitas materias, mesmo nalgunhas das máis difíciles. E cando rematou a carreira, chegou a beca da Fundación Barrié para estudar un máster en Estados Unidos; e, coa beca, o dilema: ser xuíza ou facer o máster. Decidiuse polo máster e recibiu ofertas de varias universidades, incluída Harvard; un nome que para unha recién licenciada, de 21 anos, tiña os ecos glamorosos de tantas películas de Hollywood; pero escolleu a New York University porque o máster en Tributación Internacional, que era o seu, tiña nesta maior prestixio.

A New York University —a NYU, dinlle coloquialmente— coñecémola en España, sobre todo, porque nela impartiu Baltasar Garzón os cursos subvencionados por Botín; pero os Premios Nobel, Pulitzer, Emmy, Grammy e outros



igualmente prestixiosos nos EEUU que pasaron por aquelas aulas, cóntanse por decenas. Aos dous meses de comezar o máster, Carolina tivo unha oferta de traballo do despacho de avogados Clifford Chance, un dos máis importantes do mundo, que foi noticia o pasado mes de xullo polos espectaculares resultados financeiros do último exercicio —ingresos de 1.616 millóns de euros e beneficios de 534—, superiores nun 13% aos do exercicio anterior.

Despois de pasar cinco anos en Londres como responsable do seu departamento para Europa, volveu a New York, a unha oficina con vistas ao Empire State Building, na que se negocian

millóns de dólares cada día. Carolina trata con inversores de todo o mundo, cos gobernos de países emerxentes; e faino sen horario de entrada, pero tampouco de saída, moitas veces con xornadas de doce horas e xantando diante do ordenador. Pero gústalle o traballo, e resiste a cidade amable, pero despiadada, que é New York, onde vive casada cun enxeñeiro informático, ferrolán de Caranza e compañeiro seu de pupitre, desde párvulos, no Belén.

É Miguel Tenreiro, o fillo de Lito, xubilado da Mariña, e de Carme. Teñen dous nenos: Martiño, de catro anos; e Xulián, de 15 meses. Martiño leva o nome do patrón de

Covas, de onde vén, orixinalmente, a familia de Carolina. Xulian o do avó do seu bisavó, o da familia dos Xulians.

Os nomes dos pequenos din o perto que Carolina e Miguel, malia a enorme distancia xeográfica, están de Ferrol; por eso veñen sempre que poden, e son felices paseando pola rúa Real, indo de compras polo Centro, saudando a Jorge en Amador, tomando un viño no Tanagra, mercándolle o xamón a Ester e Jesús, e convidando aos fillos a un chocolate con churros na Bola de Oro, como tantas veces fixeron con eles os pais... Coa que está caendo, reconfortame poder falarlles de Carolina. siro@siroartista.com

FAÍSCAS

Veneno

Habíamos convenido que a proximidade en política es un valor esencial para el conocimiento —y, en su caso, el remedio—

José Varela

de los problemas de los ciudadanos. Vivíamos en la creencia de que los ayuntamientos, por ejemplo, en tanto que los entes político-administrativos más inmediatos, sabían de nuestras cuitas y les procuraban alivio o lo intentaban honestamente. Asimismo, dábamos crédito al supuesto de que las diputaciones provinciales corregían las penurias y disfunciones de los concellos pequeños. Y qué decir de las autonomías, ese gran invento nacido en la República y sacralizado constitucionalmente en la Transición: eso sería un salto en el tiempo, un bálsamo de Fierabrás, una fractura histórica, el derecho a decidir, nos haría dueños de nuestro futuro y permitiría reescribir nuestro pasado, etcétera. Vivíamos, si no felices, al menos modestamente satisfechos de haber logrado una superestructura a la altura de las complejidades de la vida moderna. Pero, de repente, hete ahí que llegan unos señores diputados en el Parlamento Europeo, allá en la lejána Estraburgo nada menos, se dan un paseo por la ribera de A Gándara, aspiran el aroma de la bajamar y nos dicen que nos estamos envenenando poco a poco en el albañal de la ría. Como Rasputín, pero sin el consuelo de otras desmesuras del clérigo ruso. Vaya, vaya, pero, entonces, qué hacían —qué hicieron durante decenios— esas proverbiales instituciones tan cercanas, tan próximas y que tanto velaban por el bienestar de los ferrolanos, para que no nos intoxicásemos.

AMPLIO STOCK DE VEHÍCULOS Y OFERTAS ESPECIALES EN LA SEMANA DEL VEHÍCULO DE OCASIÓN VOLKSWAGEN



- VW POLO TDI 75 CV
- VW POLO TSI 90 CV
- VW PASSAT TDI 140 CV
- VW JETTA TDI 105 CV
- VW GOLF VARIANT ADVANCE 1.6 TDI 105 CV
- VW GOLF PLUS ADVANCE 1.4 TSI 122 CV
- VW GOLF 5P SPORT 1.4 TSI 122 CV
- VW GOLF 5P ADVANCE BM 1.6 TDI 105 CV
- VW GOLF 5P ADVANCE 1.6 TDI 105 CV
- VW GOLF 3P SPORTLINE 1.9 TDI 105 CV
- VW TIGUAN TDI 140 CV
- VW TOUAREG TDI 174 CV

Gándara Motor, S.A.

Polígono de La Gándara - FERROL
Tel.: 981 32 70 72 - www.gandaramotor.es